

CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



NOVAS

NOTA INFORMATIVA DO 22 DE MAIO DE 2026.

PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE BAREMACIÓN DAS LISTAXES DE ALUMNADO SELECCIONADO, SUPLENTE E EXCLUIDO DAS PRAZAS PARA A PARTICIPACION NO PROGRAMA “VIGO EN INGLÉS EDICIÓN 2026”

Prezada familia, o venres 22/05/2026 publicouse a 1ª Acta da Comisión de Valoración coa proposta de resolución provisional de baremación das listaxes de alumnado seleccionado, suplente e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2026” (Expte. 99632-332).

Consonte á normativa legal vixente en materia de tratamento de datos de carácter persoal, a consulta das listaxes provisionais de “Vigo en Inglés 2026” é restrinxida, quedando o acceso ás mesmas limitado unicamente aos interesados no procedemento, para o cal cómpre autenticarse seguindo as indicacións que figuran na web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles>

Establécese un prazo de 10 días hábiles, do luns 25 de maio ao venres 5 de xuño, ámbolos dous inclusive, para a presentación de reclamacións ou emenda de erros advertidos, que deberá facerse a través do rexistro xeral do Concello de Vigo.

NESTE INTRE NON HAI QUE ENTREGAR NINGÚN TIPO DE DOCUMENTACIÓN DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NIN EFECTUAR PAGAMENTO ALGÚN

Será posteriormente logo da resolución das posibles reclamacións achegadas e da aprobación definitiva da concesión das prazas por parte da Xunta de Goberno Local, cando o Servizo Municipal de Educación comunicará no seu intre e con antelación suficiente a todos/as os beneficiarios/as o proceso concreto para aceptación ou renuncia de praza e proceder, naqueles casos que esté determinado, a efectuar o pagamento da contía asignada correspondente de achega familiar.